Comisión da Transparencia de Galicia

Visto o expediente 137/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública
Núm. Expediente: 137/2026
Interesado : - - - - -- - -- - - – -- - - - -–- - -- - --- -
Organismo: Concello de Oza - Cesuras

ANTECEDENTES

Primeiro. O 19.3.2026 - - - - - - - - - - -–- - - - - - --- - interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación, ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación presunta da súa solicitude de acceso a diversa información contractual e financeira do Concello de Oza – Cesuras datada do 17.2.2026.

Xunto coa reclamación o señor - - - - -–- - – - --- - achegou unha copia da súa solicitude do 17.2.2026.

Segundo. Admitida a trámite a reclamación, e previa solicitude pola Comisión da Transparencia do expediente e dun informe sobre a reclamación presentada, o 24.4.2026 o Concello de Oza – Cesuras achegou o Decreto da Alcaldía do 23.4.2026, polo que se inadmitiu a trámite a solicitude de acceso con base no disposto no artigo 18.1 e) da Lei 19/2013, do 19 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Terceiro. O 25.4.2026 o reclamante comunicou á Comisión que o 23.4.2026 se lle notificou o Decreto da Alcaldía da mesma data pola que se inadmitiu a súa solicitude de acceso, manifestando a súa desconformidade coa inadmisión.

Comisión da Transparencia de Galicia

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de - - — – .

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 23.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativo, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das

Comisión da Transparencia de Galicia

administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

> *""As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraxe, ante órganos colexiados ou comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo.*
>
> [...]*".*

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións,. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal "*A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*"[1].

Terceiro. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como "*A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo*", debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no

[1] A referencia á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derrogada, debe entenderse realizada á LPAC.

Comisión da Transparencia de Galicia

que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *"Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo".* Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

Segundo resulta da documentación que consta no expediente, o reclamante recorreu, inicialmente, a desestimación presunta da súa solicitude se ben, tras a interposición da reclamación ante esta Comisión, o Concello de Oza – Cesuras ditou resolución expresa na que inadmitiu a solicitude de acceso do 17.2.2026.

Agora ben, o 25.4.2026 o señor - - - - –- - - - - - --- - formulou alegacións ante esta Comisión, nas que manifestou a súa oposición á inadmisión da súa solicitude con base no seu carácter abusivo.

Neste sentido, aínda que, en puridade, a oposición á resolución expresa do 23.4.2026 debería formularse polo interesado coa presentación dunha nova reclamación ante esta Comisión, razóns de eficacia e economía procedemental aconsellan o exame neste procedemento do acomodo a Dereito do Decreto da Alcaldía de Oza – Cesuras que resolveu a solicitude do 17.2.2026, especialmente se temos en conta que o expediente ofrece todos os elementos de xuízo precisos para a resolución do asunto.

Cuarto. O dereito de acceso á información pública

A Constitución española establece no seu artigo 105.b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, agás no que afecte á seguridade e

Comisión da Transparencia de Galicia

defensa do Estado, á pescuda dos delitos e á intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo exercitable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

> *«El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, "Del Gobierno y de la Administración", incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común , y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.*
>
> [...]
>
> *A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración».*

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec. 7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e co principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, o dereito de acceso dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13.d) da LPAC recolleu, coma

Comisión da Transparencia de Galicia

un dereito das persoas nas súas relacións con elas, "*o de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico*".

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois "*só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos*".

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a tódalas persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 da LTAIP e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por "*información pública*" o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, a define coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funciones, engadindo que tamén se considerará información pública, a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e se estende a todo tipo "*formato ou soporte*". Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza

Comisión da Transparencia de Galicia

"*pública*" da información, cales son: a) que se atopen "*en poder*" dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas "*no exercicio das súas funcións*".

A amplitude no recoñecemento legal do dereito de acceso foi tamén recoñecida na Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, segundo a cal:

> *"en la Ley 19/2013 queda reconocido el derecho de acceso a la información pública como un auténtico derecho público subjetivo, al establecer que "Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley " (artículo 12); que la Exposición de Motivos de la Ley configura de forma amplia ese derecho de acceso a la información pública, del que son titulares todas las personas, y que podrá ejercerse sin necesidad de motivar la solicitud; que este derecho solamente se verá limitado en aquellos casos en que así sea necesario por la propia naturaleza de la información -derivado de lo dispuesto en la Constitución Española- o por su entrada en conflicto con otros intereses protegidos; y, en fin, que, en todo caso, los límites previstos se aplicarán atendiendo a un test de daño (del interés que se salvaguarda con el límite) y de interés público en la divulgación (que en el caso concreto no prevalezca el interés público en la divulgación de la información) y de forma proporcionada y limitada por su objeto y finalidad"*.

Quinto.- Análise do expediente: a inadmisión parcial da solicitude e o seu carácter abusivo.

Tal e como resulta do expediente remitido, a persoa reclamante solicitou con data do 17.2.2026 do Concello de Oza – Cesuras diversa información, contractual e financeira, correspondente ao período comprendido entre o 1.1.2019 e a data de resposta da súa solicitude por parte da Administración municipal. A información solicitada pode agruparse nos seguintes bloques:

- Relación completa dos contratos de obras, servizos, subministracións e concesións durante aquel período, con indicación do número de expediente, obxecto, CPV, procedemento de adxudicación, adxudicatario, data de

Comisión da Transparencia de Galicia

adxudicación, formalización, prórrogas acordadas, modificación, revisións de presos, penalidades, responsables dos contratos e estado da súa execución.

- Relación específica dos contratos onde se tivese acordado unha prórroga expresa, orde de continuidade ao seu vencemento ou prestación sen contrato vixente, solicitando o acceso a todos os acordos e informes.

- Relación completa dos reparos de Intervención, dos expedientes de levantamento de reparos, dos expedientes íntegros de omisión de fiscalización previa, de recoñecementos extraxudiciais de crédito, estes últimos cunha relación individualizada de facturas e acreditación da súa prestación efectiva.

- Expedientes íntegros dos contratos relativos a recollida e transporte de residuos, abastecemento e saneamento, alumeado público mantemento de edificios e instalación e servizos sociais (incluído o de axuda a domicilio).

- Relación completa dos contratos menores dende o 1.1.2019, con identificación dos contratos menores reiterados por obxecto/provedor.

A solicitude de acceso da persoa reclamante foi resolta mediante Decreto da Alcaldía de - - - - - -- - - - - -- - do 23.4.2026, que inadmitiu a solicitude do 17.2.2026, con base nas causas previstas no artigo 18.1 c) e e) da LTAIP.

Segundo este artigo 18.1 da LTAIP:

> "*Inadmitiranse a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:*
>
> *c) Relativas a información para cuxa divulgación sexa precisa unha acción previa de reelaboración.*
>
> [...]
>
> *e) Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa*

Comisión da Transparencia de Galicia

finalidade de transparencia desta lei".

A Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, analizou a regulación das causas de inadmisión das solicitudes de acceso recollida no artigo 18.1 da LTAIP, xunto coa regulación dos límites recollidos no artigo 14 da mesma lei, sinalando, polo que aquí nos interesa, o seguinte:

> *"La formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013 como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1, sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información.*
>
> *Por ello, la causa de inadmisión de las solicitudes de información que se contempla en el artículo 18.1.c) de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, no opera cuando quien invoca tal causa de inadmisión no justifique de manera clara y suficiente que resulte necesario ese tratamiento previo o reelaboración de la información.*
>
> *Asimismo, la posibilidad de limitar el derecho de acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la Administración o entidad a la que se solicita información, pues aquél es un derecho reconocido de forma amplia y que sólo puede ser limitado en los casos y en los términos previstos en la Ley …".*

Polo tanto, a inadmisión das solicitudes de acceso esixe cumprir cos seguintes requisitos: i) a inadmisión ha de basearse nalgunha das causas establecidas, con carácter *numerus clausus*, na LTAIP; ii) as causas de inadmisión deben ser interpretadas restritivamente, dada o amplo recoñecemento do dereito de acceso; iii) quen invoca a causa de inadmisión ten a carga de xustificar de xeito claro e suficiente a súa concorrencia.

Respecto deste último requisito, relativo á motivación, cómpre lembrar que o artigo 18.1 da LTAIP xa esixe que a inadmisión das solicitudes de acceso teña lugar

Comisión da Transparencia de Galicia

mediante "*resolución motivada*". Ademais, como salientou a Sentenza do Tribunal Supremo do 11.6.2020, rec. 577/2019, tal motivación esixe unha *"justificación expresa y detallada que permita controlar la veracidad y proporcionalidad de la restricción establecida*".

Sentadas estas premisas, procede entrar a analizar a eventual concorrencia no suposto que nos ocupa da primeira das causas de inadmisión invocadas polo Concello de Oza - Cesuras, cal é a prevista na letra e) do artigo 18.1 da LTAIP, relativa ás solicitudes que "*teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta lei*".

Na esexese desta causa de inadmisión é obrigado tomar en consideración o Criterio interpretativo 3/2016, do 14 de xullo, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno (en diante, CTBG), que anoa o carácter abusivo das solicitudes, non tanto a un elemento cuantitativo, senón a un elemento cualitativo en relación coa finalidade do dereito de acceso. Deste xeito, entende o CTBG, o eventual carácter abusivo dunha solicitude de acceso non pode anoarse, sen máis, ao número de solicitudes presentadas, senón que ha de atenderse á finalidade da solicitude, que poderá cualificarse como abusiva cando a súa finalidade sexa allea á finalidade propia da Lei 19/2013, do 9 de decembro, cal é o escrutinio da actividade dos poderes públicos.

Considerando, polo tanto, que o elemento finalista debe ser o que determine o carácter abusivo, ou non, dunha solicitude, o mencionado Criterio 3/2016, estableceu, cun carácter orientativo, os seguintes parámetros:

> *"1. Así, una solicitud puede entenderse ABUSIVA cuando se encuentre en alguno de los supuestos o se den alguno de los elementos que se mencionan a continuación: -*
>
> *- Con carácter general, en aquellos casos en que pueda considerase incluida en el concepto de abuso de derecho recogido en el artículo 7.2 del Código Civil y avalado por la jurisprudencia, esto es: "Todo acto u omisión que por la intención de su autor, por su objeto o por las*

Comisión da Transparencia de Galicia

circunstancias en que se realice sobrepase manifiestamente los límites normales del ejercicio de un derecho".

- *Cuando, de ser atendida, requiriera un tratamiento que obligara a paralizar el resto de la gestión de los sujetos obligados a suministrar la información, impidiendo la atención justa y equitativa de su trabajo y el servicio público que tienen encomendado, y así resulte de acuerdo con una ponderación razonada y basada en indicadores objetivos*

- *- Cuando suponga un riesgo para los derechos de terceros.*

- *Cuando sea contraria a las normas, las costumbres o la buena fe.*

2. Se considerará que la solicitud está JUSTIFICADA CON LA FINALIDAD DE LA LEY cuando se fundamenta en el interés legítimo de:

- Someter a escrutinio la acción de los responsables públicos

- Conocer cómo se toman las decisiones públicas

- Conocer cómo se manejan los fondos públicos

- Conocer bajo qué criterios actúan las instituciones públicas

Consecuentemente, NO ESTARÁ JUSTIFICADA CON LA FINALIDAD DE LA LEY cuando:

- No pueda ser reconducida a ninguna de las finalidades señaladas con anterioridad y así resulte de acuerdo con una ponderación razonada y basada en indicadores objetivos.

- *Cuando tenga por finalidad patente y manifiesta obtener información que carezca- de la consideración de información pública de acuerdo con la definición del artículo 13 de la L TAIBG.*

- *Cuando tenga como objeto o posible consecuencia la comisión de un ilícito civil o penal o una falta administrativa".*

O Decreto da Alcaldía do Concello de Oza Cesuras do 23.4.2026 sustenta o carácter abusivo da solicitude formulada polo señor - - - - –- - -- - --- - na circunstancia de que

Comisión da Transparencia de Galicia

a solicitude non está xustificada coa finalidade da LTAIP, suposto este previsto no Criterio interpretativo 3/2016 que se vén de reproducir.

En apoio desta tese, o Decreto fai mención a distintas noticias de prensa nas que o señor - - - - –- - - - - - - --- - manifestaba que as circunstancias polas que se viu incurso nun procedemento penal, eran habituais nos concellos de - - — – , engadindo que a súa intención era solicitar aos concellos información sobre os contratos que tiñan en situación de prórroga.

Pola súa banda, o señor - - - - –- - - - - - - --- - no escrito de alegacións dirixido a esta Comisión o 25.4.2026 indicou que, se a LTAIP non esixía a motivación das solicitudes, "*con maior razón prohibe utilizar as manifestacións públicas do solicitante como causa de inadmisión*".

A este respecto cómpre sinalar que, certamente, o solicitante da información non ten a obriga de motivar a súa solicitude (artigo 17.3 da LTAIP), se ben é certo que a motivación da solicitude poderá ser valorada á hora de ponderar o interese público na divulgación da información solicitada e os eventuais dereitos de terceiros titulares de dereitos e intereses lexítimos. Agora ben, no suposto que nos ocupa o Concello de - - - – – - - - - - - non pode configurarse coma un terceiro, en canto titular da información que se solicita.

Por outra banda, tal e como sostén polo Concello de Oza - Cesuras, a solicitude de información do reclamante veu, moi probablemente, determinada pola situación persoal do reclamante, que considera que os contratos en prórroga ou con orde de continuidade son práctica habitual nos concellos galegos.

No entanto, tal e como indicou a Sentenza do Tribunal Supremo do 12.12.2020, rec. 5239/2019, tomando en consideración o disposto no Convenio do Consejo de Europa sobre o acceso a documentos públicos do 18 de xuño de 2009 (ratificado polo Estado

español o 21.11.2021) e no artigo 17.3 da LTAIP, "*la expresión en una solicitud de una justificación basada en intereses ´meramente privados´* [...]*tampoco puede por si sola ser causa de rechazo de la solicitud, salvo que concurran otras circunstancias como, por ejemplo, el carácter abusivo de la solicitud no justificado con la finalidad de transparencia de la ley*". Desta circunstancia tira o Tribunal a consecuencia de que "*entre las causas de inadmisión del artículo 18, entre las mismas no se incluye la persecución de un interés meramente privado*" e isto porque, como recoñeceu o CTBG, entre outras, na Resolución 1187/2023[2], a existencia dun interese particular do solicitante resulta compatible coa finalidade de escrutinio da actuación dos poderes públicos.

Deste xeito, aínda, tal e como sostén o Concello de Oza - Cesuras, a solicitude do señor - - - - –- - -- - --- - tivese como finalidade acreditar que a prórroga dos contratos administrativos é unha práctica común nos concellos de - - — – , este interese particular non resulta por si mesmo contrario nin incompatible coa finalidade de coñecer cal sexa o funcionamento das institucións públicas, que é precisamente a finalidade da regulación do dereito de acceso regulado na LTAIP e LTBG.

En conclusión, o carácter abusivo da solicitude que invoca o Concello de Oza – Cesuras para servir de alicerce á inadmisión da solicitude do señor - - - - –- - -- - --- - , non consta acreditado no expediente, motivo que obriga á estimación da reclamación no que se refire á falta de concorrencia desta causa de inadmisión.

Sexto.- A inadmisión da solicitude de acceso por precisar a información solicitada unha acción previa de reelaboración.

A segundas das causas nas que se sustenta a inadmisión da solicitude polo Concello

[2] Sinala a Resolución do CTG 1187/2023 como "*no puede negarse este interés público ni tampoco, como se pretende en la resolución, negar el interés particular del solicitante – pues, como es evidente, de no tener interés alguno no habría ejercido el derecho, habiendo expresado, además, en su reclamación, cuáles son los motivos que le han llevado a formular su petición –* ".

Comisión da Transparencia de Galicia

de - - - – Cesuras, é a recollida no artigo 18.1 c) da TPAIP, referida ás solicitudes de información "*para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración*".

A interpretación desta causa de inadmisión tamén se realizou dun xeito temperá polo CTBG no seu Criterio interpretativo 7/2015, do 12 de novembro, que descartou identificar o concepto de reelaboración coa mera suma ou agregación de datos, sen un tratamento mínimo daqueles pois, en caso contrario, argumenta o CTBG, o dereito de acceso á información pública pasaría a configurarse como o dereito ao dato ou a un documento.

Pola contra, considerou o CTBG que pode apreciarse a necesidade de reelaboración nunha solicitude cando a información que se solicita se refira ao mesmo ámbito funcional ou de actuación dun organismo e esixa:

- Elaborarse expresamente para dar unha resposta, debendo empregar varias fontes de información.

- Cando o organismo careza dos medios técnicos necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible facilitala.

Á súa vez, o CTBG, á hora de delimitar o concepto de reelaboración, tamén deslindou no Criterio 7/2015, esta causa de inadmisión do suposto de "*información voluminosa*", sinalando o seguinte:

> *" … la solicitud de "información voluminosa", que aparece recogida en el artículo 20.1. En este caso, se trata de información cuyo "volumen o complejidad" hace necesario un proceso específico de trabajo o de manipulación para suministrarla al solicitante.*
>
> *En este caso no se estaría ante un supuesto de reelaboración, por lo que tampoco sería un caso de inadmisión de la solicitud sino de ampliación del plazo para resolver. En este sentido se pronuncia el artículo 20.1, párrafo 2 que dice textualmente "Este plazo (1 mes) podrá*

Comisión da Transparencia de Galicia

ampliarse por otro mes en el caso de que el volumen o la complejidad de la información que se solicita así lo hagan necesario y previa notificación al solicitante".

No obstante, sí puede tenerse en cuenta el elevado volumen de la información objeto de solicitud cuando ello suponga que, atendiendo también al alcance y objeto concreto de lo solicitado así como los medios disponibles, se incurra en algunas de las circunstancias o supuestos que, a juicio de este Consejo de Transparencia, impliquen que estemos. ante un supuesto de reelaboración".

Pola súa banda, a xurisprudencia do Tribunal Supremo avalou os distintos parámetros fixados polo CTBG para apreciar a causa de inadmisión da reelaboración.

Neste sentido a Sentenza do Tribunal Supremo do 3.3.2020, rec. 600/2018, concorda co manifestado co CTBG ao entender que a mera agregación de datos non pode entenderse como reelaboración, introducindo así a distinción entre unha "*reelaboración básica*" que, a xuízo do Tribunal, non debería comportar, en liña de principio, a inadmisión dunha solicitude de acceso, e unha "*reelaboración compleja*", que pode deberse a varias causas, entre elas que a información non conste na súa integridade no órgano ao que se solicita a información e que si habilitaría á inadmisión da solicitude. Como sinala a referida Sentenza:

"Ciertamente, el suministro de información pública, a quien ha ejercitado su derecho al acceso, puede comprender una cierta reelaboración, teniendo en cuenta los documentos o los datos existentes en el órgano administrativo. Ahora bien, este tipo de reelaboración básica o general, como es natural, no siempre integra, en cualquier caso, la causa de inadmisión prevista en el artículo 18.1.c) de la Ley 19/2013.
La acción previa de reelaboración, por tanto, en la medida que a su concurrencia se anuda una severa consecuencia como es la inadmisión a trámite de la correspondiente solicitud, precisa que tales datos y documentos tenga un carácter complejo, que puede deberse a varias causas, pero que, por lo que ahora importa, se trata de una documentación en la que su procedencia no se encuentra en su totalidad en el propio órgano al que se solicita, pues parte de tal información corresponde y se encuentra en la Casa Real, con el añadido de que parte de tal información se encuentra clasificada, según la Ley 9/1968, de 5 de abril, sobre Secretos Oficiales,

Comisión da Transparencia de Galicia

modificada por Ley 48/1978. Además del extenso límite temporal de la información solicitada de los vuelos militares desde 1976".

Pola súa banda, a Sentenza do Tribunal Supremo do 25.3.2021, rec. 2578/2020, seguindo a mesma liña, referendou, como un criterio para valorar se existe, ou non, reelaboración, a existencia dunha ou varias fontes de información, entendendo que a circunstancia de que a información solicitada se atope na súa totalidade no órgano ao que se solicita opera, en liña de principio, en contra da apreciación da causa de inadmisión. Como refire a precitada Sentenza:

"*En el caso al que se refiere este recurso de casación, no puede apreciarse la existencia de una acción previa de reelaboración, y menos de cierta complejidad, pues a diferencia del supuesto examinado en la sentencia que acabamos de citar, la información a la que se refiere la solicitud de acceso no se encuentra dispersa y diseminada, sino toda ella se encuentra unificada en el mismo departamento ministerial y en el mismo registro, que se identifica en la misma solicitud de acceso, el Registro de inspecciones de puentes de ferrocarril* […]".

Así mesmo, e en relación coa carencia de medios técnicos e persoais para extraer e explotar a información solicitada, como elemento determinante de reelaboración, se pronunciou a Sentenza da Audiencia Nacional do 7.10.2025, rec. 74/2024:

"Ahora bien, la información solicitada por la parte actora -número de sanciones impuestas en 2019 por facturas falsas en diversas Delegaciones de la AEAT, con desglose de importes cobrados, incobrables y pendientes- exige una labor que excede claramente el derecho a información pública ya existente. La información requerida no está directamente accesible ni se encuentra parametrizada informáticamente ni disponible de forma directa en los sistemas informáticos de la AEAT. Su obtención requeriría identificar manualmente expedientes sancionadores dispersos en múltiples unidades administrativas, analizar cada uno para determinar si la infracción se refiere a facturación falsa, valorar el grado de falsedad y extraer los importes correspondientes. Esta tarea no se limita a localizar documentos existentes, sino que exige una actividad intelectual y técnica de análisis, clasificación y síntesis que constituye una auténtica elaboración de nueva información, no disponible en el momento de la solicitud.
En consecuencia, la petición incurre en el supuesto de inadmisión previsto en el artículo 18.1.c)

LTyBG, al requerir una acción previa de reelaboración que no puede considerarse como un simple tratamiento o localización de datos".

Atendendo ao que vén de sinalarse, é preciso xa indicar que, no suposto que agora nos ocupa, a necesidade de reelaborar a información solicitada foi xustificada polo Concello de Oza – Cesuras nos seguintes termos:

> "*O* Concello *de Oza Cesuras conta con dúas sedes: unha en cada un dos antigos municipios de - - - -- - - - - -- - - -- -- - - - - -- - . O seu persoal "de oficinas" - prescindindo da Área de Servizos Socias - está conformado por catro funcionarios: un secretario-interventor e unha técnico medio de Administración Xeral (A2), que desenvolven as funcións propias dos seus respectivos postos de traballo, na sede de - - - -- - - - -- -- - e en absolutamente todas as áreas do concello (económica-financeira, contabilidade, contratación, urbanismo, servizos, persoal, patrimonio, subvencións, etc.); dous administrativos (grupo C1): unha, que traballa na sede de - - - - -- - , e o outro, en situación de baixa laboral desde hai máis de cinco meses (que desempeñaba tarefas preferentemente nas áreas de urbanismo e o padrón municipal de habitantes); e cinco traballadores, persoal laboral temporal, dos cales un, delineante, presta servizos en urbanismo; outra, auxiliar administrativa, no rexistro de entrada, dúas, tamén auxiliares administrativos, desenvolven tarefas en diversas áreas (especialmente atención ao público, rexistro xeral do Concello, festexos populares, educación e cultura, secretaría do alcalde, subvencións, etc.), e, por último, unha auxiliar adva. realiza tarefas administrativas relacionadas co departamento económico-financeiro. Finalmente, hai que subliñar que o Concello de Oza Cesuras non posúe ningún informático na súa plantilla (de calquera nivel ou cualificación), nin dispón deses servizos a través do corresponde contrato administrativo de servizos.*
>
> [...]
>
> *De entrada, resulta imposible non poñer o foco de atención na inmensa, variada, absolutamente xenérica e desproporcionada información que pretende o solicitante. En realidade, sobre practicamente toda a actividade contractual -inclusive os centos de contratos menores existentes - e de control interno do Concello durante, nada menos, que sete anos e catro meses; isto é, desde o 01/01/2019 ata a actualidade. Como dato significativo podríamos afirmar que a información requirida polo sr. - - - - –- - -- - --- - é incluso superior á manexada en moitas auditorias levadas a cabo por organismos públicos ou auténticos profesionais na materia.*

Comisión da Transparencia de Galicia

Polo que agora aquí nos ocupa, hai que comezar precisando que as "relacións" solicitadas polo sr. - - - - -- - - - - - --- - non existen nos arquivos municipais, nin se poden obter pulsando botóns ou iconos dalgunha aplicación informática, nin confeccionar extraéndoas ou sobre a base de listados xa existentes no concello. Habería que confeccionalas en base a unha previa, minuiciosa e prácticamente interminable labor de extracción de datos - electrónica e manual, expediente a expediente e documento a documento - dispersos en diversas fuentes: en soporte dixital (programas de xestión e contabilidade, esencialmente) e, en moitos casos, en soporte papel (ordes de compra, albaráns, facturas de persoas físicas, etc.). En definitiva, habería que confeccionar ex profeso esas "relacións", crealas expresamente, para, despois, proceder ás "copias íntegras" da totalidade da documentación solicitada, o que previamente requiriría unha depuración e anonimización de datos.

Obviamente este concello carece de medios persoais e técnicos para levar a cabo tamaña tarefa - que, ademais, comportaría enfrentar serios problemas de todo tipo (incluso legais, de protección de datos, etc. -, resultando un feito incuestionable que, no hipotético suposto de que pese a todo se intentase acometer, causaría danos e prexuízos irreparables ao Concello de Oza Cesuras, os cidadáns, especialmente os veciños, e ao interese en xeral, ao precisar para a súa realización da paralización total da normal actividade municipal durante moitísimo tempo.

En efecto, seria preciso levar a cabo un proceso case interminable polo enorme volumen de información demandada e as concretas circunstancias que concorren no caso: primeiro, habería que facer, nas diferentes aplicacións informáticas e nos arquivos municipais en soporte papel, unha localización dos expedientes e documentos de onde habería que extraer a información obxecto da petición, pois non aparecen agrupados ou ordenados nos diversos programas informáticos nin nos arquivos municipais de soporte papel; hai que reiterar que ao carón dos expedientes administrativos en formato dixital, existen moitos documentos en soporte papel, e, ademais, os existentes en soporte dixital, atópanse recollidos en distintos programas informaticos; principalmente, como ficou dito, nos de xestión e contabilidade.

Logo da súa localización, procedería compilalos e ordenalos (por materia e cornolóxicamente); entrar en cada un deles, e, dentro deles, en cada un dos documentos que o integran; leelos (a información nos documentos non aparece esquematizada, hai que buscala) para extraer a información requirida polo solicitante; tomar nota da mesma; proceder, no seu caso, á correspondente disociación ou anonimización de datos; tras iso, poderíanse

Comisión da Transparencia de Galicia

confeccionar (elaborar expresamente) as "relacións" solicitadas, e, por último, habería que fotocopiar a inmensa documentación solicitada, encontrándonos con moitos casos nos que a información non podería ser subministrada sen autorización do interesado.

Todo iso tería que ser feito necesariamente polo secretario-interventor e/ou a técnico medio de Administraxción Xeral, porque, dado o contido da información que se solicita e as diversas cuestións legais e incidencias de todo tipo que nese longo proceso poden suscitarse, son o único persoal cualificado para realizalo coa necesaria solvencia. A todas luces unha tarefa imposible, agás que abandonen as súas tarefas cotidianas no Concello de Oza Cesuras e se dediquen exclusivamente a iso. Pero aínda así, dado o inmenso volume da información solicitada, a complexidade e a falta de medios persoais, materiais e técnicos (o concello no conta con servizos informáticos propios ou contratados nin con persoal informático de apoio), sería unha tarefa de éxito incierto cuxa completa execución, no seu caso, podería levar meses e produciría irremediablemente, máis que unha paralización, o colapso absoluto desta Administración local.
Polos motivos expostos, hai que concluír que resulta materialmente imposible, para o Concello de Oza Cesuras, proporcionar a información solicitada".

Pois ben, esta motivación que da causa de inadmisión do artigo 18.1 e) da LTAIP se recolle no Decreto da Alcaldía do Concello de Oza – Cesuras do 23.4.2026, non pode merecer un xuízo abertamente negativo por esta Comisión.

Agora ben, o certo é que o Decreto da Alcaldía do 23.4.2026 aplica a causa de inadmisión "*en bloque*" a toda a información solicitada, e sen deslindar aquela información respecto da cal resulta clara a necesidade dunha reelaboración complexa, daqueloutra que podería subministrarse ao reclamante cunha mera agregación de datos ou cunha reelaboración básica.

En concreto, non pode opoñerse a causa de inadmisión relativa á reelaboración respecto da seguinte información solicitada polo interesado:

- No que atinxe á solicitude dunha relación dos contratos do Concello, incluídos

Comisión da Transparencia de Galicia

os menores, dende o ano 2019, respecto de varios dos datos solicitados (número expediente, obxecto, CPV, procedemento, adxudicatario, data de adxudicación e formalización, duración, prórrogas e modificación) non cabe invocar a causa de inadmisión relativa á reelaboración por canto a información que se solicita ben é obxecto de publicidade activa (artigo 8.1 a) da LTAIP e 13 da LTBG) ou ben precisa unicamente dunha reelaboración básica partindo da información publicada no Perfil do contratante (artigo 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público).

Neste aspecto cómpre lembrar que o feito de que unha información se atope en publicidade activa non exime da obriga de dar unha resposta concreta nos prazos e termos previstos na LTAIP (Criterio do CTBG 9/2015, do 12 de novembro). Tampouco exime desta obriga unha eventual remisión ao Perfil do contratante do Concello, pois a publicidade acadada mediante este instrumento previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, se dirixe aos operadores económicos interesados na licitación e adxudicación do contrato, e non responde á finalidade propia da LTAIP, polo que a publicación no Perfil do contratante non pode configurarse en ningún caso como un mecanismo válido para a publicidade activa prevista na LTAIP e LTBG, nin pode substituír a entrega efectiva da información requirida[3].

Agora ben, se a información xa foi publicada, a resolución poderá limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder á información (art. 22 da LTAIP), se ben ha de facilitar o enlace aos contratos concretos, e non unha remisión xenérica ao Perfil do contratante.

- Polo que atinxe á información relativa ao control interno da actividade

[3] Neste mesmo sentido pode citarse a Resolución 37/2021, do 20 de setembro, do Consejo de Transparencia de Aragón.

Comisión da Transparencia de Galicia

contractual do Concello dende o ano 2019, non cabe alegar a reelaboración respecto daquela información que fose recadada e sistematizada para a súa fiscalización por órganos de control externo (Consello de Contas, Tribunal de Cuentas) e estea parametrizada informaticamente.

- Por último, e no que atinxe á copia dos expedientes do contrato de recollida e transportes de residuos, abastecemento e saneamento, alumeado público, mantemento de edificios e instalación e servizos sociais, tampouco cabe alegar a causa de inadmisión relativa á reelaboración dada a facilidade de identificación dos mencionados expedientes, acoutados por razón da materia e que, logo dunha consulta no Perfil de contratante do Concello, resultan ser unicamente dous.

  Agora ben, con carácter previo ao recoñecemento do dereito de acceso aos expedientes destes contratos, a Administración municipal, ao abeiro do artigo 19.3 da LTAIP, deberá conceder un trámite de alegacións aos terceiros afectados e, á vista das alegacións que poidan presentar, realizar unha ponderación entre o interese público na divulgación da información solicitada e os dereitos dos terceiros.

A resolución que finalmente se dite deberá formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se atopa a interposición, con carácter potestativo, dunha reclamación ante esta Comisión.

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por - - - - -- - -- - – -- - - - -- -

Comisión da Transparencia de Galicia

Barros contra a inadmisión da súa solicitude de acceso á información pública formulada o 17.2.2026 ante o Concello de Oza - Cesuras.

Segundo: Ordenar a retroacción das actuacións co fin que polo Concello de Oza – Cesuras se dite unha nova resolución que dea acceso á información solicitada pola señor - - - - –- - -- - --- - nos termos que veñen de indicarse, respectando as previsións dos artigos 14 e ss. da LTAIP, e do artigo 22 da mesma lei no que atinxe á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Oza – Cesuras co fin de que, unha vez ditada pertinente resolución, remita a esta Comisión da Transparencia unha copia da resolución notificada á persoa reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - -– - - -- - -- - - - - - -- - -- – , na data da sinatura.

- - - -- - -- - - - -- - - --

Presidente da Comisión da Transparencia